



CIRCULAR 07-2019.

**NORMATIVA DE ORGANIZACIÓN DE CARREIRAS EN RUTA,
CAMPO A TRAVÉS, MONTAÑA E TRAIL. TEMPADA 2018 - 2019**

- A todas as delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente
- Aos concellos galegos

CONDICIÓN PARA ACOLLERSE AOS SERVIZOS OFERTADOS POLA FGA.

1. A proba deberá estar incluída no Calendario oficial da Federación Galega de Atletismo (**ver proceso de inclusión**), sendo obrigatorio o **pagamento previo** do canon correspondente, cando sexa necesario (ver tarifas)
2. A Federación Galega de Atletismo **non incluírá no seu calendario** ningunha competición cuxo organizador non aboase o canon correspondente ou que non estean ao corrente de pago do canon, de facturas de xuíces, ou sancións, así como premios a atletas de anteriores edicións.
3. O servizo de cronometraxe de chips (así como o resto dos servizos que se desexen contratar) será concedido ao organizador que **antes efectúe a petición de inclusión no calendario á FGA**, conforme ao modelo oficial indicado neste documento.
4. Ofértanse aos organizadores que requiran o paquete integral de dorsais+chips a **gratuidade** do arco de meta inchable, reloxo e carpa de 3x3 metros, **segundo dispoñibilidade**.
5. O material que forma parte dos servizos indicados neste documento será transportado **no vehículo oficial da FGA**. No caso de que se solicitase unha cantidade de material moi superior ao cotián, por exemplo varios arcos de meta, o organizador deberá aboar os custos adicionais.
6. Unha vez recibida na sede central da FGA (A Coruña), co estudo da delegación territorial correspondente a solicitude de servizos, o departamento de tesoureira remitirá o orzamento total **orientativo**, previo a celebración da proba que deberá ser devolto co visto e praxe a través da sinatura do organizador. **O custo final poderá verse modificado en función do desenvolvemento da competición**. (Número final de participantes. Gastos finais de desprazamentos de persoal e xuíces.- En caso de probas solidarias, comprobación da mesma).
7. Os organizadores comprométese a aboar os **custos finais** tras a recepción da factura correspondente nos seguintes trinta días naturais.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



COTAS CANON POR INCLUSIÓN EN CALENDARIO OFICIAL FGA

Características da proba	Ata 200 participantes	Máis de 201 participantes	Premios en metálico
Carreiras autonómicas	110 €	165 €	220 €
Carreiras nacionais	220 €	220 €	220 €
Carreiras internacionais	330 €	330 €	330 €
Carreiras de recente creación (1ª edición) ou primeira inclusión en calendarios FGA	0 €	0 €	0 €
Carreiras solidarias	55 €	55 €	220 €

COTAS CANON FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO SÓ PARA PROBAS NACIONAIS / INTERNACIONAIS

*Variables cada tempada

Características da proba	Ata 200 participantes	Máis de 201 participantes	Premios en metálico
Carreiras autonómicas	0 €	0 €	0 €
Carreiras nacionais	560 €	560 €	560 €
Carreiras internacionais	900 €	900 €	900 €

CUSTOS DOS SERVIZOS OFRECIDOS POLA FGA

Número participantes	< 600	601-1000	1001-1500	1501-3000	>3000
Chip ¹	1,00 €	0,95 €	0,85 €	0,80 €	0,70 €
Dorsais ²	0,25 €	0,24 €	0,23 €	0,21 €	0,20 €
Deseño Cartel	50€	50€	50€	50€	50€
Imperdibles (1600 uds) ³	20 €	19 €	18 €	18 €	18 €
Licenza día autonómica +16 ⁴	0,80€	0,80€	0,70€	0,60€	0,55€
Licenza día autonómica -16 ⁴	0,50€	0,50€	0,50€	0,50€	0,50€
Licenza día autonómica Trail	1,35€	1,35€	1,25€	1,15€	1,05€
Licenza día autonómica Trail - Ampliada	2,00€	2,00€	1,90€	1,85€	1,80€
Megafonía ⁵	100 €	100 €	100 €	100 €	100 €
Carpa de 3x3 metros ⁶	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Seguro Resp.Civil partic.	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Seguro Resp.Civil organ.	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Arco de meta inchable ⁷	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Reloxo ⁸	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Inscripción On Line ⁹	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Deseño de Dorsal	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Publicidade da proba ¹⁰	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Publicación dos resultados ¹¹	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis	Gratis
Equipo chips	300 €	300 €	300 €	300 €	300 €
2º ou 3º equipo de chips	200€	200€	200€	200€	200€
Xuíces Ruta	Dende 150 €	Dende 175 €	Dende 200 €	Dende 200 €	Dende 200 €



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

- 1.- Vai colocado na parte de atrás do dorsal. Son **desbotables** e non será preciso devolvelos. Non haberá custos por perda.
- 2.- Os **dorsais** son en cor, antihumidade, personalizados coa denominación da carreira, número, nome do atleta e logos dos patrocinadores con unha ou dúas bandas de publicidade. Deseño do dorsal incluído, se se solicita con 7 días de antelación á celebración da proba. Con suplemento no caso de envío urxente, con 48h horas de antelación á entrega dos mesmos.
- 3.- Sérvense en paquetes de **1600** imperdibles.
- 4.-A licenza de día inclúe un seguro de accidentes deportivos, só se pagará polos corredores non federados.
- 5.-Posúe mesa de mesturas, micrófono sen fíos e dous altosfalantes de 150 wattios.
- 6.-Carpa de 3x3 metros de superficie e 2,50 metros de altura.
- 7.-Arco de Meta Medidas: 6 metros de interior e 4 metros de alto na parte máis baixa.
- 8.-Reloxo instalado debaixo do arco metálico ou nun trípode ou mesa.
- 9.-**Inscripción** na web www.atletismo.gal e www.carreirasgalegas.com. O organizador terá acceso aos datos de inscrición de cada día.
- 10.-**Publicidade** nas WEBS e redes da FGA, publicarase a información técnica da carreira, proporcionada polo organizador.
- 11.-Nas WEBS e redes da FGA, publicaranse os **resultados** da carreira na mesma data da súa celebración, cando estea controlada polos nosos chips.

A continuación achégase o modelo de solicitude de inclusión de proba en calendarios oficiais da FGA.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O documento debe ser acompañado do proxecto de regulamento para a súa autorización, xa que sen este documento non se pode enviar orzamento provisional nin autorización.

No caso de ser solicitado, enviáremoslle un orzamento PROVISIONAL e ORIENTATIVO da proba, en función dos datos achegados. O orzamento non SUPÓN A FACTURA FINAL. Unha vez rematada a proba emitirase FACTURA OFICIAL, conforme os datos reais finais.



SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DA PROBA EN CALENDARIO OFICIAL DA FGA

NOME DA PROBA _____ EDICIÓN _____

DATA _____ LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____ PÁXINA WEB _____

DATOS DO ORGANIZADOR/A OU INSTITUCIÓN ORGANIZADORA:

_____ CIF _____

PERSONA DE CONTACTO E FACTURACIÓN _____

TELÉFONO _____ EMAIL _____

DOMICILIO _____ C.P. _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

Nº DE CONTA: _____

Tipo de proba:

<input type="checkbox"/> Solidaria
<input type="checkbox"/> Recente creación (1ª Edición)
<input type="checkbox"/> Primeira inclusión en calendario oficial da FGA
<input type="checkbox"/> Autonómica sen premios en metálico
<input type="checkbox"/> Autonómica con premios en metálico
<input type="checkbox"/> Nacional
<input type="checkbox"/> Internacional

Solicito da FGA orzamento para a inclusión no Calendario da FGA, segundo os seguintes datos:

OBRIGATORIO
<input checked="" type="checkbox"/> Licenza de día e Seguro de accidentes deportivos da FGA (obrigatorio)
<input checked="" type="checkbox"/> Seguro de responsabilidade civil dos participantes (xa incluído)
<input checked="" type="checkbox"/> Seguro de responsabilidade civil dos organizadores (xa incluído)
<input checked="" type="checkbox"/> A publicación dos resultados oficiais nas WEBS da FGA (xa incluído)
<input checked="" type="checkbox"/> Gastos de Comité Galego de Xuíces (segundo tarifas) (obrigatorio)
<input checked="" type="checkbox"/> Gastos de material funxible de competición. 30€ (obrigatorio)
OPCIONAL
<input type="checkbox"/> Un equipo de cronometraxe por chips para unha meta de 4 metros de anchura
<input type="checkbox"/> Equipo secundarios para puntos intermedios de control: (uds)
<input type="checkbox"/> Dorsais a cor cos logotipos da organización
<input type="checkbox"/> Dorsais a cor cos logotipos e o nome dos participantes (personalizados)
<input type="checkbox"/> Deseño de dorsal
<input type="checkbox"/> Deseño de cartel
<input type="checkbox"/> Imperdibles para a colocación dos dorsais
<input type="checkbox"/> Equipo de megafonía
<input type="checkbox"/> Speaker
<input type="checkbox"/> Arco de meta inchable (gratis cos chips FGA)
<input type="checkbox"/> Carpa de 3x3 metros (gratis cos chips FGA)
<input type="checkbox"/> Reloxo (gratis cos chips FGA)
<input type="checkbox"/> Inscripción on_line a través da WEB da FGA

NOTA: A recepción desta solicitude non implica a súa ACEPTACIÓN. A dita solicitude será estudada pola FGA e pola delegación correspondente para a súa viabilidade en función do calendario oficial vixente no momento da petición. A FGA enviará ao organizador a súa DECISIÓN DE AUTORIZACIÓN.



O organizador comprométese a respectar e cumprir toda a normativa da FGA sobre a organización das carreiras EN RUTA/CAMPO A TRAVÉS/MONTAÑA/TRAIL, especialmente o relativo á contratación dos servizos médicos e ambulancia, inclusión do logotipo da FGA como entidade colaboradora, a pagar o canon de inclusión no calendario e a licenza de día autonómica dos atletas populares participantes na proba, ao pago dos honorarios dos xuíces e a súa contratación dun número suficiente designado polo Comité Galego de Xuíces, e o control da participación de atletas estranxeiros. A autorización da proba afecta unicamente ao axuntado nesta solicitude. Calquera modificación que houberse no regulamento da mesma debe notificarse á FGA. A autorización desta proba non leva consigo ningunha relación contractual coa Federación Galega de Atletismo, polo que os posibles incidentes que se puidesen ocasionar na mesma recaerán directamente no organizador anteriormente citado na solicitude.

Declaro ler toda a normativa e comprométome a cumprir todo o contemplado na mesma. Acompaño xustificante de pago do canon correspondente mediante o seguinte medio abaixo reflectido:

Transferencia á conta Abanca: N° Conta Bancaria ES82 2080 0068 783040019194.

Sinatura do organizador

Nome: _____

Sinatura do secretario xeral FGA

Carlos Castro Vicente

RESOLUCIÓN FGA

Aprobada

Rexeitada

En _____ a ____ de _____ de 20 _____

NOTA: É obrigatorio que o organizador remita copia dos resultados en Excel por categoría e clasificación absoluta cos campos de data de nacemento e número de licenza, á FGA (secretaria@atletismo.com e info@carreirasgalegas.com), así como PDF xerado do Excel, ao rematar a carreira e cun prazo máximo de 24 horas dende a finalización do evento.

En ningún caso a FGA enlazará datos doutras webs de resultados.

A FGA terá potestade para revisar os resultados e modificar os mesmos se así o considera oportuno, no caso de cotexarse algún incidente ou erro tipográfico ou regulamentario.

A FGA non fará a factura definitiva aos organizadores ata non dispoñer destes datos que OBRIGATORIAMENTE debe facilitar a empresa cronometradora, (segundo norma RFEA para outorgar o permiso da empresa cronometradora)

No caso de non recibirse no prazo de 48 horas, enviarase factura conforme aos datos de inscrición, independentemente da condición de federados dos participantes.